

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a prórroga, dende o 4 de febreiro de 2025 ata o 3 de febreiro de 2026, na contratación da subministración de combustible para as dependencias municipais do Concello de Lugo. Expte. Ref. 2021-c004-000032.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase proceder a regularización tributaria no expediente de denegación licenza urbanística para a reforma e ampliación de edificación existente en Risco, parroquia de Teixeira, aprobándose a liquidación provisional correspondente.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a convalidación do gasto relativo á impartición de obradoiro para as asociacións veciñais: Desenvolvemento de obradoiro de encaixe de bolillos dirixido á asociación Cal Brava.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac7597824625565154163.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-1-2025

4. CULTURA.- Acordouse aprobar o plan de autoprotección para a Cabalgata de Reis 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da área de goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.